

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 3 de maio de 2017 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

BDNS (Identif.): 346142.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanza concertada coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao profesional básico, grao medio ou grao superior de formación profesional inicial, artes plásticas e deseño, ensinanza deportivas e programas formativos.

Segundo. *Obxecto*

Convocar axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo (FCT) en réxime de concorrencia non competitiva.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de maio de 2017 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

Cuarto. *Importe*

O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 10.50.422M.480.0 dentro do exercicio orzamentario do ano 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ata un importe máximo de 714.000 € (setecientos catorce mil euros).



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

1. Primeiro prazo, trinta e un (31) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O segundo prazo será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2017.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

